



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA O ANO 2021

SUBSCRIBEN

Dunha parte, _____, secretaria xeral de Medios, en virtude do disposto na Disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

Doutra parte, _____, en representación da sociedade mercantil pública autonómica **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A** (en diante, **Retegal**), en virtude da súa condición de apoderado, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela _____, o 16 de xuño de 2015, co número 1.059 da súa orde de protocolo, estando a mesma debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e competencia suficientes para formalizar o presente Acordo de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Secretaría Xeral de Medios

O Decreto 129/2020, do 17 de setembro, establece os órganos superiores de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios. A Disposición transitoria segunda indica que “Os órganos dependentes dos órganos superiores e de dirección sinalados no artigo único manterán a súa estrutura e funcións ata que se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto.”

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, determina a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios.

No seu artigo 3 establécese que “A *Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, de comunicación audiovisual.*”

A Disposición adicional segunda deste Decreto establece que “*quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...).*”

Segundo. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. é unha sociedade pública autonómica creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro.





O 23.04.2013 publícase no DOG a Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

O artigo 1 do Anexo desta resolución establece que *“Baixo a denominación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (Retegal) constitúese unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu réxime xurídico vén determinado pola Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como, no que proceda, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo título IV da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 2 dos estatutos de Retegal recolle que constituirán parte do seu obxecto social, entre outras, as actividades de *“dotación de equipamentos e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou nas que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.*

A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.”

Retegal está adscrita á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Terceiro. Actuacións.

Con base nos programas de investimentos da Secretaría Xeral de Medios, dentro da iniciativa pública, ampliouse a rede de titularidade pública autonómica de comunicación audiovisual, garantindo o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas e permitindo que a maior parte da poboación galega dispoña de acceso a estes servizos.

O Programa de Investimentos para o ano 2021 contempla as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, inclúe as visitas de comprobación técnica de emisións e actuacións de soporte técnico correspondentes.

Cuarto. Medios e recursos.

Retegal conta cos medios técnicos especializados na materia e dispón da estrutura necesaria para facerse responsable da organización e xestión dos traballos a desenvolver e das prestacións encargadas, así como da súa calidade técnica.

Quinto. Colaboración entre entidades do sector público autonómico.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Así mesmo, introduce no seu artigo 8, o concepto de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que *“cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que dispoñan dos medios dos que precisan”.*

E prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.





Neste senso, Retegal, principal operador de rede de difusión do múltiple autonómico, está a realizar traballos que están vinculados á programación de investimentos en equipamento electrónico e de mellora da cobertura da Televisión Dixital.

En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que Retegal lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización da actuación sinalada anteriormente.

En consecuencia, considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, e de conformidade co disposto polo artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, as partes acordan a formalización dun acordo de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente Acordo é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización das actuacións precisas para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia dentro do Programa de Investimentos para o ano 2021.

Segunda. Investimentos e actuacións.

1. Programa de investimentos. Elaborarase o Programa de Investimentos que incluírá as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que soportan o servizo nas entidades relacionadas no Anexo II.

Incluirase unha estimación económica dos custos de cada unha das actuacións que se vaian realizar no marco do Programa de Investimentos.

Este programa de investimentos elaborarase logo da comprobación técnica realizada nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e a partir dunha análise exhaustiva das necesidades.

Este programa constitúese nun marco de actuacións a desenvolver durante toda a vixencia do acordo e no que se basearán as correspondentes contratacións. Incorporará todas as actividades que poidan xurdir como consecuencia das comprobacións técnicas que se realicen; polo tanto está suxeito a modificacións en función das necesidades e do interese público. Igualmente, comprenderá todos os estudos, proxectos e accións concretas referentes ás actuacións a acometer para materializar os investimentos obxecto das contratacións.

As condicións técnicas figuran no anexo I. A lista de entidades de poboación obxectivo inclúense no Anexo II; poderanse incorporar ou eliminar entidades de poboación en función das necesidades que puidesen xurdir durante o período de vixencia deste acordo.

2. Este programa será elaborado polos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios e de Retegal.

3. A Secretaría Xeral de Medios autoriza a Retegal a, no seu caso, realizar as visitas de comprobación técnicas nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual que sexan da súa titularidade

4. O importe máximo do Programa de investimentos é de 410.000,00 euros.

Terceira. Contratación.

1. As sucesivas contratacións derívanse do Programa de Investimentos. Retegal iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e contará tamén coa información facilitada pola Secretaría Xeral de Medios.

2. Corresponderá a Retegal a tramitación, adxudicación e formalización dos contratos, tendo en conta que dispón de medios técnicos especializados na materia obxecto deste Acordo.





Retegal asumirá a constitución do vínculo contractual cos contratistas e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos, nos termos establecidos no artigo 16.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. Corresponde a Retegal a execución dos contratos, tendo en conta as súas capacidades técnicas. Os contratistas quedarán obrigados só ante Retegal, quen asumirá a total responsabilidade na execución da contratación fronte á Secretaría Xeral de Medios.

4. Poderanse empregar os importes das baixas nas licitacións para contratar novos investimentos, logo da súa inclusión no Programa de Investimentos.

Cuarta. Orzamento. Tramitación anticipada de gasto.

1. A Secretaría Xeral de Medios financiará a totalidade das actuacións precisas para cumprir co obxecto deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461B.603.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, polo importe máximo de 410.000,00 euros.

O importe exacto quedará establecido unha vez que Retegal licite as correspondentes actuacións. En ningún caso, as actuacións executadas suporán un incremento do orzamento máximo.

A Secretaría Xeral de Medios acreditará a plena dispoñibilidade das cantidades a achegar mediante a correspondente retención de crédito.

2. O acordo tramitarase como expediente anticipado de gasto, de acordo co disposto no artigo 2.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Nesta tramitación anticipada poderase chegar á formalización do acordo, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Quinta. Comisión de seguimento, vixilancia e control.

1. Crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que terá as seguintes funcións:

a) Dar a conformidade e propoñer a Retegal e á Secretaría Xeral de Medios a aprobación conxunta do Programa de Investimentos e as súas posibles modificacións.

b) Coordinación, supervisión, seguimento e control da execución das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

c) Garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir. Igualmente poderá revisar as accións previstas no Programa de Investimentos, co fin de adecualas ao correcto cumprimento dos obxectivos previstos, así como, de ser o caso, variar a orde e os prazos das accións previstas, mediando unha xustificación técnica razoada.

d) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo.

2. Esta comisión será paritaria e estará formada, como mínimo, por un representante da Secretaría Xeral de Medios e un representante da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Sexta. Xustificación das actuacións. Achegas.

Retegal presentará á Comisión de seguimento, vixilancia e control un certificado da execución da totalidade das actuacións realizadas ao remate dos traballos, a correspondente documentación xustificativa e, no seu caso, os contratos asinados.

A Secretaría Xeral de Medios realizará as achegas logo da xustificación das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

Sétima. Modificación do acordo.

1. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o acordo poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Esta previsión deberá incorporarse nos pregos de cláusulas administrativas que rexan as contratacións, nos termos establecidos na lexislación aplicable.

Oitava. Extinción: resolución e efectos.

1. O presente acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente acordo de colaboración.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo de colaboración.
- e) Denuncia, por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

2. Se cando concorran calquera das causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable, para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena. Protección de datos.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, non se disporá dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso as partes por razón do desenvolvemento deste Acordo, cunha finalidade distinta á esixida polas accións derivadas do mesmo.

Décima. Réxime xurídico.

Este Acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No caso de discrepancia na interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo no seno da comisión de seguimento, vixilancia e control, os conflitos resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Undécima. Vixencia e execución. Prórroga.

O prazo de execución será como máximo dende o 1 de febreiro ata o 15 de decembro de 2021.

O presente acordo non é prorrogable.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, o 12 de febreiro de 2021.

A secretaria xeral de Medios	O director xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
------------------------------	---



ANEXO I

CONDICIÓNS TÉCNICAS DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2021

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2021

Defínense neste documento as especificacións técnicas previstas para as actuacións a realizar no Acordo de Colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o programa de investimentos para a mellora e actualización da rede de titularidade pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia, para 2021.

No Programa de Investimentos incorporaranse as actuacións de mellora ou correctoras previstas. Terase en conta para estas propostas a capacitación para traballos en altura, o acopio de equipamento necesario para afrontalo, reposición de novo stock, así como a posta en servizo do equipamento afectado.

Deberá incorporarse un orzamento básico detallado, tendo en conta tanto as actuacións en altura como a nivel do chan, desprazamentos programados e non programados, etc., así como por tipo de módulo, ben sexa mellora ou corrección. As ditas propostas tipo e orzamento servirán para definir as actuacións técnicas concretas e o material necesario para as melloras e correccións.

Os traballos incluírán como mínimo dúas (2) actuacións por entidade, das descritas no Anexo II. Estas actuacións poderán ser referentes a comprobación técnica de emisións e comprobación técnica de configuracións de sistemas e equipamentos; ou tamén poderán incluír na mesma actuación, ademais do anterior, as accións de mellora e actualizacións correctoras, de ser o caso, en función da comprobación realizada, así como o soporte técnico preciso.

Incluíranse as aplicacións informáticas de control, seguimento e rexistro das actuacións, comprobacións, proposta de accións e xeración de informes, así como a documentación xerada necesaria para a tramitación administrativa das diferentes actuacións, aplicacións e



documentación á que terán acceso os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios.

O equipamento instalado para o servizo das entidades obxecto desta actuación corresponde aos fabricantes Tredess 2010, S.L., Egatel, S.L. e Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., potencias de menos de 10 W, segundo as recomendacións dos organismos normalizadores de UIT, CEPT e do ETSI, conforme coa normativa relacionada no eido da comunicación audiovisual televisiva.

O equipamento incluído para cada un dos fabricantes comprende alomenos o seguinte hardware:

- Receptores
- Transmisores
- Canceladores de ecos
- Moduladores
- Sistemas de sincronismo
- Fontes de alimentación enerxética
- Telesupervisión e alarmas
- Filtros multiplexores
- Liñas de transmisión
- Distribuidores de potencia
- Sistemas radiantes
- Antenas de recepción
- Cableado de pequena sinal
- Sistemas eléctricos
- Sistemas de protección e antidescargas
- Armarios rack e elementos de soporte e ancoraxe
- Sistemas de xestión, operación e mantemento
- Sistemas de monitorización, medida e supervisión da radiodifusión
- Sistemas de alimentación ininterrompida

Tamén se incluírá o software necesario para o correcto funcionamento e actualización dos equipos electrónicos.

Ao remate de cada actuación entregaranse ante a Secretaría Xeral de Medios os protocolos e informes de cada unha das actuacións realizadas, documentación que virá en formato electrónico.





ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
1	150670001	A CORUÑA	A POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	4144	5
2	150010910	A CORUÑA	ABEGONDO	VILARDEL	63	6
3	150021002	A CORUÑA	AMES	A MÁMOA	58	6
4	150021103	A CORUÑA	AMES	LEBORÁNS	30	6
5	150020608	A CORUÑA	AMES	VENTOSA	334	7
6	150061813	A CORUÑA	ARZÚA	RIBADISO	61	7
7	150070110	A CORUÑA	BAÑA, A	SAN VICENZO	264	7
8	150120704	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	A PONTE	91	6
9	150120601	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	O BURGO	51	6
10	150120206	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	SANTAIA	151	7
11	150120403	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	XIADÁS	25	6
12	150130901	A CORUÑA	BRIÓN	ESPARÍS	34	6
13	150140607	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	PEDROUZO	59	6
14	150150205	A CORUÑA	CABANAS	A IGREXA	13	6
15	150160201	A CORUÑA	CAMARIÑAS	AROU	329	5
16	150160202	A CORUÑA	CAMARIÑAS	CAMELLE	770	6
17	150160411	A CORUÑA	CAMARIÑAS	SANTA MARIÑA	111	6
18	150210502	A CORUÑA	CARRAL	A CABRA	56	6
19	150220402	A CORUÑA	CEDEIRA	ARÓN	84	6
20	150220304	A CORUÑA	CEDEIRA	CAMPO DA CRUZ	49	6
21	150220721	A CORUÑA	CEDEIRA	TEIXIDO (SANTO ANDRÉ)	50	5
22	150230301	A CORUÑA	CEE	CEE	3758	7
23	150230403	A CORUÑA	CEE	LIRES	147	6
24	150230511	A CORUÑA	CEE	SAN XOSÉ	71	6
25	150230407	A CORUÑA	CEE	TEDÍN	76	6
26	150240417	A CORUÑA	CERCEDA	MEIRAMA	275	6
27	150240108	A CORUÑA	CERCEDA	O CAMPO DA FEIRA	1342	7
28	150240532	A CORUÑA	CERCEDA	QUEIXAS	435	6
29	150250332	A CORUÑA	CERDIDO	A VILA DA IGREXA	81	6
30	150250121	A CORUÑA	CERDIDO	AS FELGOSAS	108	6
31	150270507	A CORUÑA	COIRÓS	OS LOUREIROS	69	6
32	150310807	A CORUÑA	CULLEREDO	A LAXE	978	6
33	150310701	A CORUÑA	CULLEREDO	ORRO	968	6
34	150320152	A CORUÑA	CURTIS	TEIXEIRO	1115	8
35	150340201	A CORUÑA	DUMBRÍA	ANSEÁN	89	6
36	150340301	A CORUÑA	DUMBRÍA	BUXÁN	130	6
37	150350613	A CORUÑA	FENE	AS CENTEIRAS	247	6
38	150360406	A CORUÑA	FERROL	DONIÑOS	141	6
39	150360204	A CORUÑA	FERROL	MONTECURUTO	261	5
40	150360901	A CORUÑA	FERROL	VILA DA AREA	204	6
41	150370302	A CORUÑA	FISTERRA	FISTERRA	2770	7
42	150370404	A CORUÑA	FISTERRA	PADRÍS	43	6
43	150380210	A CORUÑA	FRADES	SANAMIL	51	6
44	150390410	A CORUÑA	IRIXOA	O PAZO DE IRIXOA	31	6
45	150410209	A CORUÑA	LARACHA, A	A PEDREIRA	73	6
46	150400610	A CORUÑA	LAXE	MÓRDOMO	121	6
47	150420206	A CORUÑA	LOUSAME	A ESCABIA	76	6



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
48	150420501	A CORUÑA	LOUSAME	ABEIXÓN	61	6
49	150420408	A CORUÑA	LOUSAME	CROÍDO	210	7
50	150451207	A CORUÑA	MAZARICOS	A PICOTA	347	8
51	150450615	A CORUÑA	MAZARICOS	SUEVOS	74	6
52	150461001	A CORUÑA	MELIDE	FURELOS	129	6
53	150480503	A CORUÑA	MIÑO	LEIRO	77	6
54	150500107	A CORUÑA	MONFERO	O CANEDO	47	6
55	150530804	A CORUÑA	MUROS	LESTÓN DE ARRIBA	59	6
56	150530301	A CORUÑA	MUROS	LOURO	868	6
57	150530203	A CORUÑA	MUROS	O MAIO	687	6
58	150530206	A CORUÑA	MUROS	REBOREDO	54	6
59	150530702	A CORUÑA	MUROS	TAL DE ARRIBA	226	6
60	150521211	A CORUÑA	MUXÍA	QUINTÁNS	171	6
61	150521303	A CORUÑA	MUXÍA	TOURIÑÁN	49	6
62	150550328	A CORUÑA	NEDA	GANDARELA	41	5
63	150560702	A CORUÑA	NEGREIRA	CASTELÁN	27	6
64	150560001	A CORUÑA	NEGREIRA	NEGREIRA	3945	6
65	150560104	A CORUÑA	NEGREIRA	PESADUIRA	165	6
66	150560302	A CORUÑA	NEGREIRA	PORQUEIRA	35	6
67	150560509	A CORUÑA	NEGREIRA	VILASERÍO	58	6
68	150570507	A CORUÑA	NOIA	MIROU	32	6
69	150580309	A CORUÑA	OLEIROS	A XESTA	119	6
70	150610825	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SAN XOÁN	177	6
71	150612377	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SANTA MARÍA	421	7
72	150620611	A CORUÑA	OUTES	LANTAROU	98	6
73	150620614	A CORUÑA	OUTES	MOLEDO	36	6
74	159021504	A CORUÑA	OZA-CESURAS	LOIS	239	5
75	150650211	A CORUÑA	PADRÓN	O PEDROSO DO VENDAVAL	95	6
76	150660801	A CORUÑA	PINO, O	AMARELLE	88	6
77	150660108	A CORUÑA	PINO, O	O PEDROUZO	880	6
78	150680501	A CORUÑA	PONTECESO	O PORTO DE CORME	1077	8
79	150701111	A CORUÑA	PONTES DE GARCÍA	GOENTE	120	6
80	150710604	A CORUÑA	PORTO DO SON	CARBALLOSA	201	6
81	150720504	A CORUÑA	RIANXO	RIANXIÑO	337	8
82	150730618	A CORUÑA	RIBEIRA	OLEIROS	686	5
83	150740303	A CORUÑA	ROIS	LIÑARES	71	6
84	150740805	A CORUÑA	ROIS	O SISTO	246	6
85	150750605	A CORUÑA	SADA	SADA DE ARRIBA	286	6
86	150760707	A CORUÑA	SAN SADURNIÑO	CORNIDE	161	7
87	150770808	A CORUÑA	SANTA COMBA	A ILLA	99	6
88	150770105	A CORUÑA	SANTA COMBA	O COUTO	92	6
89	150781203	A CORUÑA	SANTIAGO DE	FRENSA	26	6
90	150782807	A CORUÑA	SANTIAGO DE	VILAR DE OUTEIRO	40	6
91	150790101	A CORUÑA	SANTISO	AGRO DO CHAO	28	6
92	150790202	A CORUÑA	SANTISO	CHORÉN	53	6
93	150800820	A CORUÑA	SOBRADO	SOBRADO	258	6
94	150810422	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A GARITA	30	6
95	150810427	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A IGREXA	211	6
96	150820102	A CORUÑA	TEO	CACHEIRAS	1355	5
97	150820107	A CORUÑA	TEO	FEROS	289	7



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
98	150830209	A CORUÑA	TOQUES	PONTE QUEIMADAS	44	6
99	150841015	A CORUÑA	TORDOIA	PIÑEIRO	115	6
100	150851506	A CORUÑA	TOURO	A MUÍÑA	90	6
101	150851703	A CORUÑA	TOURO	FONTE DÍAZ	428	5
102	150880201	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	BEMBIBRE	1053	5
103	150881105	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	INSUA	62	6
104	150870202	A CORUÑA	VALDOVIÑO	CANDAÍL	55	6
105	150870410	A CORUÑA	VALDOVIÑO	LAVACERIDO	89	6
106	150870119	A CORUÑA	VALDOVIÑO	O VILAR DE LAGO	119	6
107	150891209	A CORUÑA	VEDRA	SOBREDO	39	6
108	150910121	A CORUÑA	VILARMAIOR	RIEIRO	28	6
109	150900507	A CORUÑA	VILASANTAR	FORO	107	8
110	150920704	A CORUÑA	VIMIANZO	A DEVESA	51	6
111	150920101	A CORUÑA	VIMIANZO	BAÍÑAS	282	6
112	150920702	A CORUÑA	VIMIANZO	CARNÉS	181	6
113	150920706	A CORUÑA	VIMIANZO	MOREIRA	43	6
114	270010101	LUGO	ABADÍN	ABADÍN	108	8
115	270011403	LUGO	ABADÍN	O BARRAL	20	6
116	270020502	LUGO	ALFOZ	AS ACERNADAS	21	6
117	270040801	LUGO	BALEIRA	A LASTRA	53	6
118	270040501	LUGO	BALEIRA	O CÁDAVO	153	6
119	270040221	LUGO	BALEIRA	VILARDOI	21	6
120	279011304	LUGO	BARALLA	MATELA	39	6
121	270061304	LUGO	BECERREÁ	AS PONTES DE GATÍN	15	6
122	270620603	LUGO	BECERREÁ	VILOUTA DE ABAIXO	30	6
123	270070101	LUGO	BEGONTE	BAAMONDE	235	6
124	270070601	LUGO	BEGONTE	INSUA	55	6
125	270080101	LUGO	BÓVEDA	BÓVEDA	392	6
126	270080901	LUGO	BÓVEDA	RUBIÁN	282	6
127	279020001	LUGO	BURELA	BURELA	9566	7
128	270091801	LUGO	CARBALLEDO	A BARRELA	220	6
129	270100601	LUGO	CASTRO DE REI	CASTRO DE REI	194	8
130	270100906	LUGO	CASTRO DE REI	O CASTRO	679	7
131	270113701	LUGO	CASTROVERDE	CASTROVERDE	348	8
132	270111304	LUGO	CASTROVERDE	FURÍS DE ABAIXO	46	6
133	270120509	LUGO	CERVANTES	A DEGRADA	26	6
134	270120804	LUGO	CERVANTES	DONÍS	16	6
135	270121901	LUGO	CERVANTES	O FABAL	9	6
136	270121806	LUGO	CERVANTES	VILARELLO DA IREXA	46	6
137	270122007	LUGO	CERVANTES	VILASPASANTES	15	6
138	270130608	LUGO	CERVO	SARGADELOS	69	6
139	270162502	LUGO	CHANTADA	A EIREXE	34	4
140	270170203	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FERREIROS DE ARRIBA	59	6
141	270170204	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FOLGOSO DO COUREL	169	6
142	270170804	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FROXÁN	31	6
143	270170703	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	MOREDA	32	6
144	270170501	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	NOCEDA	50	6
145	270170403	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PADERNE	34	6
146	270170706	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	SEOANE DO COUREL	77	6
147	270170502	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	TEIXEIRA	50	6



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
148	270180901	LUGO	FONSAGRADA, A	A FONSAGRADA	1106	7
149	270182101	LUGO	FONSAGRADA, A	A POBRA DE BURÓN	105	6
150	270181208	LUGO	FONSAGRADA, A	LAMAS DE MOREIRA	29	6
151	270182505	LUGO	FONSAGRADA, A	NOCEDA	8	6
152	270182305	LUGO	FONSAGRADA, A	ROZABRAGADA	16	6
153	270182210	LUGO	FONSAGRADA, A	SAN PEDRO	15	6
154	270181214	LUGO	FONSAGRADA, A	SEOANE	30	6
155	270181107	LUGO	FONSAGRADA, A	VILARMEÁN	63	7
156	270190606	LUGO	FOZ	FONDO DE NOIS	512	6
157	270190505	LUGO	FOZ	FORXÁN	277	6
158	270190206	LUGO	FOZ	O SISTO	46	6
159	270190510	LUGO	FOZ	REIRIZ	26	6
160	270201508	LUGO	FRIOL	PORTOSCARROS	1	6
161	270430207	LUGO	FRIOLFE	LUGO	26	4
162	270241101	LUGO	INCIO, O	A CRUZ DO INCIO	213	6
163	270242402	LUGO	INCIO, O	A FERRERÍA	33	5
164	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	89877	6
165	270283202	LUGO	LUGO	MUXA DE ABAIXO	149	7
166	270290113	LUGO	MEIRA	MEIRA	876	7
167	270300704	LUGO	MONDOÑEDO	ESTELO	53	6
168	270301402	LUGO	MONDOÑEDO	O CASAL	25	6
169	270321505	LUGO	MONTERROSO	MONTERROSO	2036	5
170	270330533	LUGO	MURAS	MURAS	93	6
171	270341202	LUGO	NAVIA DE SUARNA	A PROBA	259	6
172	270341408	LUGO	NAVIA DE SUARNA	MURIAS DE RAO	32	6
173	270341902	LUGO	NAVIA DE SUARNA	VALLO	19	6
174	270350402	LUGO	NEGUEIRA DE MUÑIZ	NEGUEIRA	39	7
175	270370202	LUGO	NOGAIS, AS	ESPARIZ	15	5
176	270370806	LUGO	NOGAIS, AS	TORÉS	72	6
177	270380428	LUGO	OUROL	VILARES	33	7
178	270391513	LUGO	OUTEIRO DE REI	URBANIZACIÓN O SALETE	261	7
179	270401401	LUGO	PALAS DE REI	CURBIÁN	41	8
180	270411104	LUGO	PANTÓN	FRONTÓN	35	5
181	270411702	LUGO	PANTÓN	O BARREAL	33	7
182	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	240	6
183	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	240	6
184	270450601	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	LOUZARELA	63	6
185	270451209	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	VEIGA DE BRAÑAS	33	6
186	270461501	LUGO	POL	MOSTEIRO	191	8
187	270480305	LUGO	PONTENOVA, A	A PONTENOVA	775	6
188	270480503	LUGO	PONTENOVA, A	RECECENDE	133	6
189	270480703	LUGO	PONTENOVA, A	VILAMEÁ	163	6
190	270480901	LUGO	PONTENOVA, A	VILAOURUZ	36	6
191	270500301	LUGO	QUIROGA	BENDOLLO DE FEAIS	53	6
192	270501514	LUGO	QUIROGA	CONCEADO	30	6
193	270510616	LUGO	RIBADEO	A PALMEIRA	67	7
194	270510801	LUGO	RIBADEO	RIBADEO	6866	5
195	270530508	LUGO	RIBEIRA DE PIQUÍN	SANTALLA	73	6
196	270540601	LUGO	RIOTORTO	A AUGAXOSA	53	6
197	270552004	LUGO	SAMOS	SAMOS	148	6



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
198	270550805	LUGO	SAMOS	SANTA MARIÑA	23	7
199	270581803	LUGO	SAVIÑAO, O	PESQUEIRAS	27	6
200	270610425	LUGO	TRABADA	A RETORTA	27	6
201	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	183	6
202	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	183	6
203	270620704	LUGO	TRIACASTELA	TRIACASTELA	126	6
204	270640504	LUGO	VICEDO, O	O FOLGUEIRO	84	6
205	270640726	LUGO	VICEDO, O	O VICEDO	775	7
206	270660502	LUGO	VIVEIRO	AREA	74	8
207	270660324	LUGO	VIVEIRO	PEDREIRA	29	8
208	270660713	LUGO	VIVEIRO	TOXEIRAS	91	6
209	270210913	LUGO	XERMADE	A CASANOVA	80	6
210	270210703	LUGO	XERMADE	O CAMPO DA FEIRA	62	6
211	270250804	LUGO	XOVE	CAMBA	63	6
212	270250518	LUGO	XOVE	VILA	48	6
213	270250405	LUGO	XOVE	VILAPOL	74	6
214	320800302	OURENSE	A TEIXEIRA	CRISTOSENDE	37	4
215	320030120	OURENSE	ARNOIA, A	VILA TERMAL	179	7
216	320040302	OURENSE	AVIÓN	AVIÓN	286	7
217	320050104	OURENSE	BALTAR	SAN PAIO	104	6
218	320060101	OURENSE	BANDE	BANDE	625	6
219	320071001	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	PRESQUEIRA	95	7
220	320070209	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	VILAMEÁ	19	4
221	320100201	OURENSE	BEADE	AS REGADAS	51	6
222	320110102	OURENSE	BEARIZ	BEARIZ	306	7
223	320130605	OURENSE	BOBORÁS	FEÁS	225	6
224	320131505	OURENSE	BOBORÁS	O REGUEIRO	122	8
225	320131406	OURENSE	BOBORÁS	PAZOS DE ARENTEIRO	120	6
226	320130701	OURENSE	BOBORÁS	XENDIVE	80	6
227	320150801	OURENSE	BOLO, O	AS ERMIDAS	70	6
228	320160101	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	CALVOS	115	6
229	320160602	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	RANDÍN	87	6
230	320160901	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	VILA	42	6
231	320170301	OURENSE	CARBALLEDA DE	CASAI	328	6
232	320190501	OURENSE	CARBALLIÑO, O	O CARBALLIÑO	11192	8
233	320210101	OURENSE	CASTRELO DO VAL	CAMPOBECERROS	88	6
234	320210903	OURENSE	CASTRELO DO VAL	SERVOI	53	6
235	320230108	OURENSE	CASTRO CALDELAS	OS MUÍÑOS	3	6
236	320231302	OURENSE	CASTRO CALDELAS	PENELAS	27	4
237	320240105	OURENSE	CELANOVA	ERMIDE	23	6
238	320290502	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	A VENTOSA	3	6
239	320290501	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	CELEIROS	61	7
240	320260401	OURENSE	COLES	CAMBEO	335	7
241	320310202	OURENSE	ESGOS	CALSOMIRO	11	6
242	320340401	OURENSE	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	723	6
243	320351003	OURENSE	IRIXO, O	PARADA	86	6
244	320390701	OURENSE	LAZA	MATAMÁ	150	6
245	320400503	OURENSE	LEIRO	LEIRO	558	7
246	320410403	OURENSE	LOBEIRA	AS QUINTAS	139	8
247	320421003	OURENSE	LOBIOS	A HERDADIÑA	25	6



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
248	320420205	OURENSE	LOBIOS	PRANCIBE	39	6
249	320420905	OURENSE	LOBIOS	TORNEIROS	64	5
250	320440204	OURENSE	MANZANEDA	LANGULLO	54	6
251	320470304	OURENSE	MERCA, A	FARAMONTAOS	46	6
252	320480101	OURENSE	MEZQUITA, A	CÁDAVOS	73	6
253	320491302	OURENSE	MONTEDERRAMO	MONTEDERRAMO	136	3
254	320491202	OURENSE	MONTEDERRAMO	VILARIÑO FRÍO	49	4
255	320511101	OURENSE	MUIÑOS	GUNTUMIL	113	6
256	320510501	OURENSE	MUIÑOS	XERMEADE	85	6
257	320521213	OURENSE	NOGUEIRA DE RAMUÍN	O COITELO	20	6
258	320580401	OURENSE	O PEREIRO DE AGUIAR	CACHAMUIÑA	168	4
259	320542209	OURENSE	OURENSE	QUINTELA	142	6
260	320541302	OURENSE	OURENSE	REZA	116	6
261	320541709	OURENSE	OURENSE	UNTES	181	6
262	320560309	OURENSE	PADRENDA	A FRIEIRA	127	6
263	320560208	OURENSE	PADRENDA	FREÁNS	28	6
264	320560525	OURENSE	PADRENDA	PONTE BARXAS	123	6
265	320580705	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	A VENDA	92	4
266	320580207	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	URBANIZACIÓN TAPADA DE	441	8
267	320581310	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	VILARIÑO	321	8
268	320590901	OURENSE	PEROXA, A	OS PEARES	64	7
269	320590209	OURENSE	PEROXA, A	PAZOS	28	4
270	320610104	OURENSE	PIÑOR	PIÑOR	97	8
271	320640119	OURENSE	PONTEDEVA	ALDEA DE DEVA	212	7
272	320660101	OURENSE	QUINTELA DE LEIRADO	XACEBÁNS	63	6
273	320680302	OURENSE	RAMIRÁS	O PICOUTO	138	8
274	320710205	OURENSE	RIÓS	A VEIGA DO SEIXO	34	6
275	320710201	OURENSE	RIÓS	CASTRELO DE CIMA	40	6
276	320710701	OURENSE	RIÓS	CORTEGADA	44	6
277	320750207	OURENSE	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	REBOREDO	485	6
278	320760711	OURENSE	SAN CRISTOVO DE CEA	PIELAS	41	5
279	320700903	OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	A CRUZ	16	4
280	320780301	OURENSE	SARREAUS	CORTEGADA	131	4
281	320800101	OURENSE	TEIXEIRA, A	O POMBAR	43	6
282	320810302	OURENSE	TOÉN	MOREIRAS	653	4
283	320810508	OURENSE	TOÉN	PUGA	136	6
284	320810202	OURENSE	TOÉN	QUENLLE	36	6
285	320810801	OURENSE	TOÉN	XESTOSA	112	6
286	320830101	OURENSE	VEIGA, A	BAÑOS	50	6
287	320840202	OURENSE	VEREA	BANGUESES DE ARRIBA	44	6
288	320850301	OURENSE	VERÍN	FECE DE ABAIXO	348	8
289	320850401	OURENSE	VERÍN	FECE DE CIMA	72	6
290	320850701	OURENSE	VERÍN	PAZOS	684	7
291	320851101	OURENSE	VERÍN	TAMAGOS	174	6
292	320860501	OURENSE	VIANA DO BOLO	FORNELOS DE FILLOÁS	44	6
293	320863201	OURENSE	VIANA DO BOLO	VIANA DO BOLO	1475	6
294	320863501	OURENSE	VIANA DO BOLO	VILASECO DA SERRA	21	6
295	320870803	OURENSE	VILAMARÍN	BORULFE	57	6
296	320881001	OURENSE	VILAMARTÍN DE	VALENCIA DO SIL	71	7
297	320890404	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PORTO	105	4



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
298	320890601	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PRADO	44	6
299	320910204	OURENSE	VILARDEVÓS	LAMASDEITE	47	6
300	320910802	OURENSE	VILARDEVÓS	TERROSO	183	6
301	320911101	OURENSE	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	246	6
302	320920602	OURENSE	VILARIÑO DE CONSO	PRADOALBAR	35	6
303	320321601	OURENSE	XINZO DE LIMIA	A PENIA	116	6
304	320360209	OURENSE	XUNQUEIRA DE AMBÍA	SALGUEIROS	44	4
305	360010604	PONTEVEDRA	ARBO	ROZAS	95	5
306	360080502	PONTEVEDRA	CANGAS	O IGREXARIO	716	5
307	360080505	PONTEVEDRA	CANGAS	PINTÉNS	269	6
308	360090746	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	O TOUZAL DO BARREIRO	21	6
309	360090321	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	XUNQUEIRAS	32	6
310	369020707	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO	365	7
311	369021003	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	COVAS	41	7
312	369020306	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	PAZOS	116	6
313	360131009	PONTEVEDRA	COVELO	A IGREXA	110	6
314	360141104	PONTEVEDRA	CRECENTE	MANDELOS	49	6
315	360140520	PONTEVEDRA	CRECENTE	O SURREIRO	22	7
316	360160205	PONTEVEDRA	DOZÓN	O CASTRO	128	6
317	360171902	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	A ESTRADA	8413	7
318	360173206	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	O REDONDO	89	6
319	360172805	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	PARAFITA	47	6
320	360180406	PONTEVEDRA	FORCAREI	FORCAREI	468	7
321	360180303	PONTEVEDRA	FORCAREI	LOUREIRO	88	6
322	360180601	PONTEVEDRA	FORCAREI	O BARRIO	39	6
323	360190101	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	A ALÉN DE ARRIBA	113	6
324	360190301	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	FONDO DE VILA	158	6
325	360190304	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	RIAL	112	5
326	360210805	PONTEVEDRA	GONDOMAR	A GÁNDARA	191	8
327	360230109	PONTEVEDRA	GUARDA, A	SALGUEIRÓ	162	7
328	360242707	PONTEVEDRA	LALÍN	LALÍN	10452	5
329	360244809	PONTEVEDRA	LALÍN	ZOBRA	51	6
330	360250203	PONTEVEDRA	LAMA, A	CAMBESES	63	6
331	360260709	PONTEVEDRA	MARÍN	SEIXO	767	7
332	360270209	PONTEVEDRA	MEAÑO	PONTE DENA	354	8
333	360300506	PONTEVEDRA	MONDARIZ	MONDARIZ	919	7
334	360330901	PONTEVEDRA	MOS	O CASAL	353	7
335	360350611	PONTEVEDRA	NIGRÁN	A RAÑA	138	6
336	360350503	PONTEVEDRA	NIGRÁN	CON	251	6
337	360360304	PONTEVEDRA	OIA	AS MARIÑAS	109	6
338	360360307	PONTEVEDRA	OIA	O PORTO	309	6
339	360360106	PONTEVEDRA	OIA	TORROÑA	137	7
340	360370203	PONTEVEDRA	PAZOS DE BORBÉN	O POUSIÑO	156	6
341	360430709	PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS	930	8
342	360390306	PONTEVEDRA	PORRIÑO, O	A GRAÑA	115	6
343	360471706	PONTEVEDRA	RODEIRO	RODEIRO	324	7
344	360480216	PONTEVEDRA	ROSAL, O	MARZÁN	404	8
345	360480229	PONTEVEDRA	ROSAL, O	PORTECELO	104	7
346	360490406	PONTEVEDRA	SALCEDA DE CASELAS	LOUREIRO	98	5
347	360522207	PONTEVEDRA	SILLEDA	PORTODABALDE	31	6



Nº	CodEntidade	Provincia	Municipio	Entidade	Poboación	Nº Mux
348	360521309	PONTEVEDRA	SILLEDA	SANTA MARIÑA	34	6
349	360523008	PONTEVEDRA	SILLEDA	SILLEDA	3083	5
350	360541302	PONTEVEDRA	TOMIÑO	CIMADEVILA	156	8
351	360541422	PONTEVEDRA	TOMIÑO	O SEIXO	1231	7
352	360541428	PONTEVEDRA	TOMIÑO	VILAR	209	6
353	360550502	PONTEVEDRA	TUI	A DEVESA	96	5
354	360560402	PONTEVEDRA	VALGA	CIMADEVILA	61	6
355	150890302	PONTEVEDRA	VEDRA	O CASTRO	96	6
356	360573002	PONTEVEDRA	VIGO	MARCOSENDE	311	6
357	360571431	PONTEVEDRA	VIGO	VILAR	314	6
358	360592809	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	A SENRA	67	6
359	360592003	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	O OUTEIRO	97	6
360	360592007	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	SULAGO	48	6
361	360590705	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	VILAR	34	6
362	360580112	PONTEVEDRA	VILABOA	SAXOSA	264	6
363 (*)	150300001	A CORUÑA	CORUÑA, A	A CORUÑA	213081	-
364 (*)	150780001	A CORUÑA	SANTIAGO DE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	80274	-
365 (*)	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	89877	-
366 (*)	320540001	OURENSE	OURENSE	OURENSE	98674	-
367 (*)	360380001	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	62830	-
368 (*)	360570002	PONTEVEDRA	VIGO	VIGO	199598	-

(*) Estación fixa de comprobación técnica de emisións